

## [ Almorzos cooperativos virtuais ]

### Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia: Next Generation

[ Actividade realizada en colaboración coa REDE EUSUMO ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Mércores 10 de Marzo de 2021	<b>DURACIÓN</b>	2 horas
<b>HORARIO</b>	09:30 – 11:30 horas		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	On-line ( plataforma virtual)		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Ramón Carmelo Rodríguez Padín	<b>TELÉFONO</b>	623 301 529
		<b>E-MAIL</b>	ramon@espazo.coop

#### FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Divulgar a información dos Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia para afrontar a crise da Covid19.
- Promover espazos e ferramentas para actualizar e recoller as necesidades e potenciais proxectos estratéxicos das cooperativas de Espazo-Coop, nomeadamente, dirixidos á transformación territorial e ao desafío demográfico, a través de iniciativas tractoras en enerxía, coidados, dixitalización, educación e agroalimentario.
- Trasladar a devandita información ás redes asociativas da Economía Social e Solidaria, das que fai parte EspazoCoop, nomeadamente Foro pola Economía Social Galega e Cepes, para a súa tradución en políticas públicas, nomeadamente do Goberno de España, e a programación de servizos e actividades favorecedoras na cobertura dos devanditos proxectos.

#### PROGRAMA

09:30 h. - Benvida das persoas e entidades.

09:45 h.- Exposición sobre os Fondos de Recuperación.

Celso Gándara, Membro do consello de EspazoCoop e Presidente de Foro pola Economía Social Galega.

10:15 h.- Grupos de Traballo.

Recollida de propostas de proxectos e necesidades estratéxicas vinculadas aos eixos dos Fondos.

10:45 h.- Plenario.

11.30 h.- Peche da Xornada.

#### CONTIDOS

- Dar a coñecer a información dos **Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia** para afrontar a crise da Covid19.
- Divulgación e posta en común de **potenciais proxectos de interese para as cooperativas participantes**, de forma preferente que dean resposta ao desafío demográfico e transformación territorial, nos seguintes ámbitos: enerxía; coidados; dixitalización; educación-cultura; agroalimentario e cos seguintes eixos : intercooperación e desenvolvemento comunitario; financiamento; igualdade-xénero; traballo-dignificación; innovación.

#### METODOLOXÍA

- Na 1ª parte, propónse un método de traballo que combina un Relatorio de presentación inicial sobre a temática a abordar, quenda de Preguntas e Diálogo co público participante.
- Na 2ª parte, propónse a organización de Grupos de Traballo e Discusión para recollida de propostas de proxectos e necesidades estratéxicas, nomeadamente vinculados aos eixos obxecto dos Fondos.
- Na última parte, realización dun Plenario de posta en común e conclusións.

#### DIRIXIDO A

- Socias da Unión de Cooperativas EspazoCoop, de forma preferente, representantes de Sectoriais de EspazoCoop: Ensino, Cultura, Consultoría, Consumo, Ambiente-Turismo, Sen Ánimo de Lucro, Tic...
- Cooperativas da Unión de interese estratéxico vinculadas aos eixos obxecto de promoción dos Fondos, ou tamén consultoras de proxectos.



Esta actividade enmárcase na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.